



**REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
REGISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**SAÍDA 71737 / RX 461957**

Data 18/07/2013 11:49:34



## OFICIO

De conformidade co establecido no artigo 42.3 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia (DOG. núm 251, de 31 de decembro), achégolle o proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento de composición e funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, aprobado inicialmente polo Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con data 22 de marzo de 2013, para os efectos de que, no prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte á notificación, formule as observacións e alegacións que estime oportunas.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2013

O secretario xeral de Cultura



Anxo M. Lorenzo Suárez

PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE BIBLIOTECARIOS MUNICIPAIS DE GALICIA. BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL SALGADO TOIMIL DE FOZ. RÚA DE LUGO, 1 2º ANDAR. CP 27780. FOZ. LUGO.



**Decreto .../2013, do ..., polo que se aproba o Regulamento de composición e funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.**

Galicia asumiu mediante o seu Estatuto de Autonomía a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico do seu interese, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1º.28 da Constitución española, así como respecto de arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal, e conservatorios de música e servizos de Belas Artes de interese para a Comunidade.

A competencia exclusiva abrangue a potestade legislativa, a regulamentaria e a función executiva, segundo o disposto nos artigos 27.18ª e 37 do seu Estatuto de Autonomía.

No exercicio da potestade legislativa, o Parlamento Galego aprobou a Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas, que no artigo 6 regulaba a composición, funcións e funcionamento do Consello de Bibliotecas, como órgano consultivo e asesor da Xunta de Galicia en materias relacionadas co sistema bibliotecario. A dita Lei 14/1989 foi desenvolvida regulamentariamente, entre outros, polo Decreto 57/1992, do 19 de febreiro, que posteriormente foi obxecto de refundición polo Decreto 41/2001, do 1 de febreiro.

Con posterioridade, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, que derroga a Lei 14/1989, define o Sistema Galego de Bibliotecas e establece que formarán parte del, entre outros, os órganos de cooperación, asesoramento e participación. No artigo 8, a dita lei regula o Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia como órgano colexiado consultivo da consellería competente en materia de bibliotecas e sinala que regulamentariamente se determinará a súa composición e organización.

Co fin de cumprir os mandatos contidos na Lei 5/2012 referidos ao Sistema Galego de Bibliotecas e ao Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, é necesario fixar regulamentariamente a composición e o funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria, que, como órgano consultivo, ten que informar sobre unha serie de aspectos moi importantes para o desenvolvemento das políticas bibliotecarias de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co ditame do/oído o Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xuntade Galicia, na súa reunión do ... de ... de dous mil trece,

*DISPOÑO:*



Artigo único. Apróbase o regulamento de composición e funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia que figura como anexo deste decreto.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira. A constitución e funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia non suporá incremento ningún do gasto público e será atendido cos medios materiais e persoais existentes na consellería competente en materia de bibliotecas.

Segunda. O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia constituirase no prazo de dous meses, contados desde a entrada en vigor deste decreto.

Terceira. As entidades, institucións ou asociacións as que corresponda propoñer a designación de representantes no Consello deberán comunicar a súa proposta á consellería con competencias en materia de bibliotecas no prazo dun mes desde o día de entrada en vigor deste decreto.

#### *Disposición derogatoria única*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango sexan contrarias ao contido deste decreto, e, en particular, o artigo 3 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira. Autorízase a consellería competente en materia de bibliotecas a ditar as normas precisas e adoptar cantas medidas sexan precisas para o disposto neste decreto.

Segunda. O presente decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ... de ... de dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo  
Presidente

Jesús Vázquez Abad



Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO

Regulamento de composición e funcionamento do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.

### Artigo 1. *Natureza e adscrición.*

De conformidade co artigo 8.1 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, o Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de bibliotecas, é o órgano colexiado consultivo da Administración autonómica nas materias relacionadas co Sistema Galego de Bibliotecas e para a articulación da cooperación entre as distintas administracións con competencias nesta materia.

### Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia réxese pola lexislación básica estatal sobre réxime xurídico das administracións públicas, pola lexislación autonómica en materia de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, e polo disposto neste regulamento.

2. A consulta ao Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia será preceptiva nos casos previstos neste regulamento. Os seus informes non serán vinculantes, salvo disposición expresa en contrario.

### Artigo 3. *Funcións.*

De acordo co disposto no artigo 9 da Lei 5/2012, son funcións do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia:

- a) Actuar como órgano de información, consulta e asesoramento sobre as políticas bibliotecarias de Galicia.
- b) Propoñerlle ao órgano de dirección e coordinación do Sistema Galego de Bibliotecas a adopción de medidas para o mellor cumprimento dos seus fins.
- c) Informar sobre a integración das redes de bibliotecas no Sistema Galego de Bibliotecas.
- d) Potenciar e fomentar a cooperación e a participación no Sistema Galego de Bibliotecas.
- e) Emitir informe preceptivo sobre os anteproxectos de lei e de disposicións regulamentarias referidas ás bibliotecas, así como sobre o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia.
- f) Promover e articular a colaboración e coordinación na política bibliotecaria das diferentes institucións con competencias en materia de bibliotecas.

### Artigo 4. *Composición.*



1. O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia ten a seguinte composición:
  - a) Presidencia.
  - b) Vicepresidencia.
  - c) Vogalías.
  - d) Secretaría.
2. Na composición do Consello atenderase ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes. A comunicación que se realice aos órganos, institucións ou asociacións para a designación de representantes lembrará a importancia social de tender a aquel obxectivo de igualdade.

#### Artigo 5. *Presidencia.*

1. Ostentará a presidencia a persoa titular da consellería competente en materia de bibliotecas.
2. Correspóndelle á persoa que desempeña a presidencia:
  - a) Exercer a representación do órgano.
  - b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, se é o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.
  - c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
  - d) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.
  - e) Asegurar o cumprimento das leis.
  - f) Visar as actas e as certificacións dos acordos do órgano asesor.
  - g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á condición da presidencia do órgano.
3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a persoa que exerza a presidencia será substituída pola que desempeña a vicepresidencia e, de faltar esta, polo membro do órgano colexiado de maior xerarquía, antigüidade ou idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

#### Artigo 6. *Vicepresidencia.*

1. A vicepresidencia será exercida pola persoa titular da secretaría xeral competente en materia de bibliotecas, ou no seu defecto, da dirección xeral competente en materia de bibliotecas.
2. Corresponde á vicepresidencia auxiliar á presidencia no exercicio das súas funcións e realizar cantas outras lle sexan especificamente encomendadas por aquela.

#### Artigo 7. *Vogais.*

Serán vogais do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia:

- a) A persoa titular da subdirección xeral con competencias en materia de bibliotecas.
- b) Un bibliotecario/a en representación das bibliotecas públicas dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Un bibliotecario/a municipal proposto pola FEGAMP.
- d) Un/unha representante das bibliotecas especializadas.



- e) Un/unha representante das asociacións profesionais de bibliotecarios/as das existentes en Galicia.
- f) Un/unha representante das asociacións, entidades e personalidades de prestixio no ámbito das bibliotecas e patrimonio bibliográfico.
- g) Un/unha representante do Consello da Cultura Galega.
- h) Catro membros designados pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia, entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito cultural.

#### Artigo 8. *Secretaría.*

1. O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia terá unha secretaría, que será exercida pola persoa titular da xefatura do servizo con funcións en materia do Sistema Galego de Bibliotecas.
2. Correspóndelle á persoa que exerce a secretaría do Consello:
  - a) Asistir ás reunións, con voz e voto.
  - b) Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde da súa presidencia, así como as citacións aos seus membros.
  - c) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
  - d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e asinar as actas das sesións, co visto e praxe da persoa que exerza a presidencia.
  - e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
  - f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretaria ou secretario.
3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a persoa que exerza a secretaría será substituída pola persoa titular dunha xefatura de servizo designada pola presidencia.

#### Artigo 9. *Nomeamento e cesamento.*

1. Agás a persoa á que fai referencia o artigo 7.a), o nomeamento e cesamento das persoas que ocupen as vogalías do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, e dos seus respectivos suplentes, correspóndelle ao titular da consellería con competencias en materia de bibliotecas, por proposta das entidades, institucións ou asociacións as que representen.
2. Os nomeamentos de vogal do Consello terán unha duración de 4 anos. Transcorrido o dito prazo poderán renovarse por un período igual ao do mandato inicial.
3. A persoa titular da consellería con competencias en materia de bibliotecas poderá cesar aos membros do Consello polas seguintes causas:
  - a) Renuncia.
  - b) Renovación por transcurso do prazo de nomeamento, se for o caso.
  - c) Condena por delito en virtude de sentenza firme.
  - d) Incapacidade declarada por decisión xudicial firme.
  - e) Por petición da entidade ou órgano que propuxo o nomeamento.
  - f) Incumprimento grave dos seus deberes.



**Artigo 10. Dereitos e deberes dos membros.**

1. Correspóndelles aos membros do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia:

- a) Recibir a convocatoria que conteña a orde do día das reunións cunha antelación mínima de corenta e oito horas.
- b) Ter á súa disposición a información sobre os asuntos que figuren na orde do día coa antelación referida na letra anterior.
- c) Participar nos debates das sesións.
- d) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- e) Non absterse nas votacións aqueles que teñan a condición de membros do órgano colexiado pola súa calidade de autoridades ou persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Formular suxestións e preguntas.
- g) Obter a información que precisen para cumprir axeitadamente as funcións asignadas.
- h) Manter o segredo das deliberacións e votacións.
- i) Cantas outras sexan inherentes á súa condición.

2. Os membros do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia non poderán atribuírse as funcións de representación del, salvo que llas outorgase expresamente mediante acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, o propio órgano colexiado.

**Artigo 11. Abstención e recusación.**

Serán motivos de abstención e recusación dos membros do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia os previstos con carácter xeral nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Artigo 12. Funcionamento.**

1. De acordo co establecido no artigo 8.2 da Lei 5/2012, o Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia reunirse como mínimo unha vez ao ano, en sesión ordinaria, e, con carácter extraordinario, cando así o considere o presidente ou por solicitude da maioría dos seus membros.

2. Para a válida constitución do Consello, para os efectos da realización das sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría, ou daquelas que as substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

4. Os acordos serán adoptados por maioría simple de votos.

5. O Consello poderá constituír con carácter temporal comisións técnicas, coa composición e funcións que el determine, para a realización de informes ou estudos referidos ao sistema bibliotecario de Galicia e á rede de bibliotecas



públicas de Galicia, que deberán someterse a deliberación e votación do Consello.

6. Ás reunións do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia poderán asistir expertos nos temas a tratar por invitación do presidente.